CPR Plurilingüe San Miguel 2
Rúa Tomas A. Alonso 13
36208 Vigo
☎986293282 986292749
cpr.sanmiguel2@edu.xunta.gal

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID19 NO CURSO 2021-2022

Actualizado a 15 de outubro de 2021.

1.	DENOMINACIÓN DO CENTRO, ENDEREZO E TELÉFONOS.

Código	Denominación
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2

Enderezo		C.P.
Rúa Tomás A. Alonso 13, BAJO		36208
Localidade	**Concello**	**Provincia**
VIGO	VIGO	PONTEVEDRA
Teléfono	**Correo electrónico**	
986293282	covid@gesanmiguel2.com	
Páxina web		
gecastrosanmiguel.com		

ÍNDICE

A. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA 4
B. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL 10
C. MEDIDAS DE LIMPEZA 12
D. MATERIAL DE PROTECCIÓN 13
E. XESTIÓN DOS ABROCHOS 13
F. XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE 14
G. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO 14
H. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA 16
I. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO 17
J. MEDIDAS DE USO DO COMEDOR 18
K. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS 18
L. MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS 19
M. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA 20
. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES 21
O. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ALUMNADO DE NEE 21
P. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO 22
Q. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO 22
R. ANEXOS 24

A. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

2.	Membros do Equipo COVID		
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			
Membro 1	Alejandra Táboas Mascuñana	Cargo	DIRECTORA DO CENTRO
Suplente 1	Montserrat Miniño Sánchez		DOCENTE ED. PRIMARIA
Tarefas asignadas	• Comunicación coas familias de alumnos afectados pola COVID. • Comunicación coa administración, consellería de sanidade. • Comunicación de ausencias de persoal por causa da COVID.		
Membro 2	Susana Jiménez Suárez	Cargo	DOCENTE ESO-FPB
Suplente 2	Ramón Rodríguez Casal		DOCENTE ESO-EP
Tarefas asignadas	• Comunicación co centro de Saúde asignado. • Cartelería e sinaléctica. • Enlace con FPB. • Coordinadora do servicio de comedor. Comunicará incidencias no comedor á coordinadora.		
Membro 3	Patricia Fernández González	Cargo	DOCENTE ED. INFANTIL
Suplente 3			DOCENTE
Tarefas asignadas	• Enlace coa Comunidade Educativa: **Consello Escolar** e **ANPA**. • Enlace con ESO e ED. PRIMARIA. • ENLACE CON ED. INFANTIL (0 a 6 años) • Coordinadora do Servicio de Madrugadores. Comunicará incidencias no servicio de madrugadores á coordinadora.		

3.	Centro de saúde de referencia		
Centro	Centro de Saúde López Mora 54. VIGO 36211.	Teléfono	986 20 81 02
Contacto	Alberto Bravo, Xefe de servicios do Centro de Saúde López Mora. Teléfono 986 29 49 53		

4.	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
Situado na PLANTA BAIXA (**plano 1**; **anexo VIII**) e con unha superficie total de 30 m^2. Conta cos seguintes elementos: • Ventilación adecuada. Ventilación á rúa. • Máscaras de protección. • Panos desbotables. • Papeleira con bolsa, tapas e pedal. • Xel hidroalcólico.	

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)
EDUCACIÓN INFANTIL (4º a 6º EI)	63
EDUCACIÓN PRIMARIA (1º a 6º EP)	123
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (1º a 4º ESO)	83
BACHARELATO (1º e 2º BACH)	0
FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (1º e 2º FPB) [2 ciclos; 3 cursos]	80
TOTAL ALUMNOS	349

6.	Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)
PERSOAL DOCENTE	44
PERSOAL NO DOCENTE	3

7.	Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)						
Etapa	ED. INFANTIL			Nivel	4º	Grupo	--
Tutor/a	Patricia Fernández González	Outros Profesores	Marta García Menéndez David Ríos Gómez				
Aula	Planta 0; 40 m^2	Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado			3

Etapa	ED. INFANTIL			Nivel	5º	Grupo	--
Tutor/a	Eva Porto Pazos	Outros Profesores	Marta García Menéndez David Ríos Gómez				
Aula	Planta 0;40 m^2	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado			3

Etapa	ED. INFANTIL			Nivel	6º	Grupo	--
Tutor/a	Gloria Cuña Melón	Outros Profesores	Marta García Menéndez David Ríos Gómez				
Aula	Planta ;40 m^2	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado			3

En tódolos niveles de ED. INFANTIL as educadoras Carolina Gil Pardo (AL) e Almudena Agulla Moares (PT) imparten clases de apoyo.

Etapa	ED. PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	--
Tutor/a	Ana Moreiras Remeseiro	Outros Profesores	David Ríos Gómez Marta García Menéndez David García Oitavén Ramón Jose Carlos Cao Fernández				
Aula	Planta 1; 48 m^2	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado			6

Etapa	ED. PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	--
Tutor/a	Montserrat Miniño Sánchez	Outros Profesores	David Ríos Gómez Marta García Menéndez David García Oitavén Ramón Jose Carlos Cao Fernández				
Aula	Planta 1; 52 m^2	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado			7

Etapa	ED. PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	--
Tutor/a	Olaya Freire Viéitez	Outros Profesores	David Ríos Gómez Marta García Menéndez David García Oitavén Ramón Rodríguez Casal Jose Carlos Cao Fernández Montserrat Miniño Sánchez				

Aula	Planta 1; 52,8m^2	Nº de alumnado asignado	26	Nº de profesorado asignado	7

Etapa	ED. PRIMARIA		Nivel	4º	Grupo	--
Tutor/a	Sonia Brunet Ruiz	Outros Profesores	Marta García Menéndez David García Oitavén Jose Carlos Cao Fernández Jose Antonio Cibrán Oliveira Matilde Bermúdez Costas			
Aula	Planta 0, 40 m^2	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado		7

Etapa	ED. PRIMARIA		Nivel	5º	Grupo	--
Tutor/a	Carmen Cobas Brey	Outros Profesores	Marta García Menéndez David García Oitavén Jose Carlos Cao Fernández josé Antonio Cibrán Oliveira Matilde Bermúdez Costas			
Aula	Planta 0, 40 m^2	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		7

Etapa	ED. PRIMARIA		Nivel	6º	Grupo	--
Tutor/a	José Antonio Cibrán Oliveira	Outros Profesores	Carmen M. Cobas Brey Marta García Menéndez David García Oitavén Jose Carlos Cao Fernández José Antonio Cibrán Oliveira Matilde Bermúdez Costas			
Aula	Planta 0, 40 m^2	Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		7

En tódolos niveis de ED. PRIMARIA as educadoras Carolina Gil Pardo (AL) e Almudena Agulla Moares (PT) imparten clases de apoio na **Aula Específica** de AL e PT.

En tódolos niveis de ED. Primaria as profesoras de educación especial, Carla Rodrigo e Sonia Brunet Ruiz imparten clases na **Aula Específica** ós alumnos de escolarización combinada.

8. Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)

Tal e como indica o **Protocolo Xeral das Consellerías de Educación e Sanidade** no punto 22 (páxinas 49 e 50), as MEDIDAS ESPECÍFICAS para alumnos de EDUCACIÓN INFANTIL (e dos primeiros cursos da ED. PRIMARIA), son as seguintes:

- No inicio da xornada levaranse a cabo accións nas que se traballe a lembranza das medidas de hixiene concienciando ao alumnado coa pandemia mediante actividades lúdicas. O uso do xel hidroalcólico dende idades temperás, pode supor o risco de que metan os dedos na boca, polo que os dispensadores non serán ser accesibles sen supervisión.
- Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. Nas mesas longas e espazosas asignáronse mediante sinaléctica os espazos que poden utilizarse.
- Para o xogo en recantos (ambientes) delimitáronse, e organizouse o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais son de fácil desinfección. Eliminároose xoguetes e obxectos que non son estritamente necesarios.
- A merenda realízase de xeito individual en espazos diferenciados dentro da aula.
- Nos recreos reforzouse a vixilancia, para minimizar o contacto entre os nenos. A tal efecto disponse de cartelería e sinaléctica no patio exterior. Non se farán quendas, pero si se estableceron espazos delimitados para

cada curso, segundo planos axuntos (**Anexo IX**)

- Os obradoiros foron adaptados a grupos máis reducidos e se procederá á desinfección do material despois de cada uso.
- O uso da máscara nos cursos de 5º e 6º de E.I. será obrigatorio. O uso da máscara no cursos de 4º de E.I. non será obrigatorio, pero será utilizada sempre que sexa posible como medida de protección.

Tomando como referencia o **Protocolo Xeral das Consellerías de Educación e Sanidade** no punto 24 (páx. 51 e 52) as NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE son as seguintes:

- O uso da máscara, dentro e fóra da aula, para todos os alumnos é obrigatorio.
- Se o uso da máscara non fose posible, por circunstancias especiais, os alumnos que así o precisen poderán facer uso de pantallas, viseiras ou mamparas.
- A interacción dos grupos é limitada, asignándose unha mesa a cada grupo.
- No caso de alumnado sen o con pouca autonomía para trasladarse polo centro, un acompañante lle facilitará o rigoroso lavado de mans, no aseo da planta baixo cuberta, preto da **Aula Específica (Ed. Especial)**. A limpeza de dito aseo, intensificarase.
- A obrigación de usar máscara polo alumnado da **Aula Específica** (Educación Especial) non será esixible a aqueles alumnos que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou presenten alteracións da conducta que fagan inviable a súa utilización (TEA/TDAH, etc). Un pediatra ou facultativo debe acreditar está situación.
- O **Dpto de Orientación** (Carolina Gil Pardo (AL), Almudena Agulla Moares (PT), orientadoras en E.I. e E.P.; Ana Bouzó, orientadora na FPB e na E. INFANTIL; Carla Rodrigo Oliveira e Sonia Brunet Ruiz, profesoras da Aula Específica (EDUCACIÓN ESPECIAL), e Montserrat González López, Xefa do Dpto Orientación e orientadora da ESO, PRIMARIA e FPB) colaborará co **Equipo Covid** na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precise.
- No caso de escolarización combinada, adoptaranse as mesmas medidas, e informarase os seus compañeiros da aula ordinaria das medidas adoptadas co fin da comprensión das mesmas por parte de todo o alumnado.
- Haberá un seguimento continuo das medidas adoptadas para alumnos con NEE, elaboradas dende o **Dpto de Orientación**, que o persoal docente e o coidador debe extremar.

Tomando como referencia o **Protocolo Xeral das Consellerías de Educación e Sanidade** nos seus puntos 16 e 23, as MEDIDAS ESPECÍFICAS para o uso de OUTROS ESPAZOS (páx. 72), así como LABORATORIOS o TALLERES da ESO o da FORMACIÓN PROFESIONAL (páx. 73) serán as seguintes:

- As aulas destinadas a laboratorios, talleres e outros espazos de uso específico disporán dun protocolo específico que inclúa normas de uso e de hixiene, previa e posterior á utilización das diferentes ferramentas, utensilios e material da aula.
- As **Normas de uso do Taller de Tecnoloxía** serán asinadas polos pais do alumnado, e no caso de non contar con material suficiente ou de tempo suficiente para hixienizar o mesmo, substituiranse as actividades no taller, polas proxeccións en formato dixital, dos procesos de construción, feitos polo alumnado, e visualizados posteriormente na aula. Estarán a disposición das familias na páxina web do centro.
- Nas **Aulas de Informática** da ESO, e de FPB, cada alumno levará o seu propio teclado e rato, así coma una protección de silicona, para o uso dos teclados.
- As **Normas de uso da Aula de Informática**, serán asinadas polos pais, e ben coñecidas polo alumnado, que sempre debe cumprir e respectar, facendo especial énfase na hixiene e limpeza. Estarán a disposición das familias na páxina web do centro.
- Na **Aula de Informática** haberá un posto fixo asignado para cada alumno, así como as normas asinadas polos pais e coñecidas polo alumnado.
- Nos **Talleres de Informática** de FPB, nos cales traballan en mesas con material común, esixirase o uso de luvas, a hixiene de mans no aseo, e na medida do posible, que cada alumno traballe cos seus propios aparellos, mantendo sempre un mesmo lugar de traballo.
- Nas clases prácticas de módulos específicos de FPB, tamén haberá que reflectir nas Normas, a limpeza e hixiene de mans e material utilizado nas mesmas.
- As **Normas Disciplinarias** do centro, recollerán a existencia das **Normas da Aula de Informática** (para ESO e FPB) e das **Normas de uso do Taller de Tecnoloxía** (para ESO e FPB) Estarán a disposición das familias na páxina web do centro.

→ O **Taller de Tecnoloxía da ESO**, atópase no 2º andar, na aula de 53,5 m^2 designada.
→ A **Aula de Informática de ESO** atópase no 4º andar, na aula de 60 m^2 designada.

→ A **Aula de Informática de FPB de Oficina**, atópase tamén no 4º andar, na aula de 86,5 m^2 designada.
→ A **Aula de Informática de FPB de Comunicación**, atópase no andar da planta baixo cuberta, na aula de 107 m^2.

No caso de non poderse respectar o espazo mínimo de seguridade no **Taller de Tecnoloxía** ou nas aulas de Informática de FPB, as actividades adaptaranse ás proxeccións dixitais anteriormente mencionadas.
Nas clases de educación física, o tipo de actividades en grupo ou equipo, deben substituírse por actividades individualizadas, sen uso de materiais común como pelotas, barras, etc.

OUTRAS MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

O alumnado, dependendo da súa idade e autonomía, deberá auto avaliarse ou ser avaliado polos seus proxenitores, na casa, antes da entrada no centro, diariamente. A **Enquisa de Autoavaliación Clínica da Covid-19**, axunta no **Anexo I,** pode ser útil para identificar síntomas clínicos de sospeita. No caso de presentar síntomas, solicitarase consulta no Centro de Saúde. A consulta e falta de asistencia por sospeita de Covid, non requirirá xustificante médico, pero si xustificante asinado polos pais do alumno. A **Enquisa de Autoavaliación clínica da Covid-19** estará a disposición das familias na páxina web do centro.
No caso de que un alumno presente síntomas compatibles coa Covid na chegada ao colexio ou durante o horario lectivo, os pasos serían os seguintes:

→ Illar o alumno con máscara, no **Espazo de Illamento** habilitado de 30 m^2,situado na planta baixa. Baixará acompañado dun profesor da etapa.
→ Aviso aos padres/titores, para que o recollan á maior brevidade. Avisará o PAS de secretaría.
→ A familia debe pedir cita telefónica no seu Centro de Saúde. O centro de Saúde considerará a necesidade de levar a cabo test de confirmación.
→ De non ter consulta ese día, acudirán ao **PAC-VIGO**. O PAC considerará a necesidade de facer ou non facer o antes citado test.
→ O centro porase en contacto co Centro de Saúde asignado.
→ No caso de que algún familiar dun alumno sexa sospeitoso de ter Covid, informará á **Coordinadora Covid** do centro, Alejandra Táboas Mascuñana (986 293 282)
→ En todas as etapas educativas, e en todas as aulas do centro, as mesas estarán colocadas do seguinte xeito:
  - Aliñadas, separadas polo menos 1,2 metros, aproveitando o espazo o máximo, sempre de fronte ao encerado e ao profesor, en ningún caso enfrontadas.
  - Uso de máscara SEMPRE OBRIGADO en secundaria independentemente de que a distancia sexa maior de 1,2 m.
  - Nos corredores, escaleiras, espazos comúns como Sala de Profesores, Biblioteca , Secretaría, e calquera entrada ou Saída, é obrigatorio o uso de máscaras por tódolos membros da Comunidade Educativa, salvo prescrición facultativa.

PAC VIGO// Pizarro 22// Tfno.: 986 471 233//Horario continuado de 15 a 8 (resto de horario, remitir a Centro de Saúde asignado)

- As medidas de prevención e de protección, formarán parte da formación do alumnado, como temas transversais en todas as etapas educativas, e en todas as materias, de xeito que toda a Comunidade Educativa, non só as coñeza, senón que as aplique dende o inicio do curso escolar.
- As medidas de hixiene e lavado de mans estarán expostas na cartelería de todos os aseos do recinto escolar. Os mestres vixiarán que a hixiene de mans se leve a cabo correctamente dende as idades máis temperás.
- O centro contará con xabón e papel de mans en todos os aseos, así como xel hidroalcólico e papeleiras para panos desbotables en cada aula.
- As medidas de respecto do espazo mínimo de seguridade estarán expostas na cartelería de entradas e saídas, corredores e escaleiras, así como nas aulas.
- Os profesores estarán especialmente concienciados para respectar o espazo nas entradas e saídas do recinto escolar e nas aulas.
- Se habilitarán 4 entradas e saídas diferentes con profesores asignados nas mesmas para os diferentes niveis e etapas educativas.
- Nas aulas prestarase especial atención ao aproveitamento dos espazos, o control dos postos asignados ós alumnos, o mantemento sempre do mesmo posto, poidéndose compartir o material sempre que se manteñan as condicións de hixiene antes e despois do uso.
- Nas subidas e baixadas ao recreo, as aulas permanecerán abertas, e tamén as ventás, para a ventilación necesaria das mesmas (15 minutos). Farase especial énfase na baixada e subida por quendas, que será graduada,

para así manter a distancia mínima de seguridade de 1,5 m.

- Nas aulas de Informática, talleres ou aulas de uso común, non haberá cambios nos postos asignados. Os elementos utilizados polos profesores serán desinfectados antes e despois do seu uso salvo no caso de que utilicen material propio que retirarán da aula tras o seu uso.
- As quendas de limpeza ampliaranse a tres no curso escolar 2020-2021: durante os recreos, durante o servicio de comedor e pola tarde tras as clases. Axuntas **no Anexo III**.

Nas MEDIDAS ESPECÍFICAS para OS RECREOS (PÁX. 72; PUNTOS 50 e 51), establecese o seguinte:

- Manteranse as quendas de recreo, pero o patio quedará dividido en seccións mediante sinaléctica no chan do mesmo. Deste xeito, o alumnado seguirá mantendo contacto única e exclusivamente cos alumnos da súa clase e aula (grupos de convivencia estable)
- Na subida e baixada ó patio deberán ir en fila, pola esquerda, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m, e sempre co seu mesmo grupo de clase.

No COMEDOR (PÁX. 41 a 43, PUNTO 14), as MEDIDAS ESPECÍFICAS contemplaranse nas **Normas do Comedor**, que os proxenitores asinarán, o alumnado e profesorado coñecerán, e que estarán expostas no propio comedor una vez se publique el protocolo oficial por las Consellerías de Sanidade e Educación.

- O finalizala xornada lectiva da mañá, os alumnos que asistan ao comedor dirixiranse ó patio cuberto para deixar as súas mochilas e abrigos nas zonas habilitadas para cada quenda. Alí esperarán nas ringleiras sinaladas a súa quenda.
- No tempo de espera para entrar ao comedor, o profesor fará quendas para o uso do aseo exterior do patio, vixiando o correcto lavado e hixiene de mans, antes de comer, empezando polos cursos máis baixos.
- As quendas serán duns 20 alumnos como máximo, e por clases ou cursos, de xeito que non se mesturen con alumnos de outros grupos.
- As mesas de comedor serán individuais, nunca enfrontadas e dispostas de xeito axadrezado. A comida servirase en bandexas individuais polo persoal de comedor. As distancias serán de 1,5 m entre comensais e medidas en diagonal.
- O persoal de comedor, levará gorro, luvas e máscara.
- Haberá unha persoa de apoio no horario de comedor que non interferirá coa labor do persoal de comedor e, baixo ningún concepto, tocará os utensilios de cociña ou as bandexas de comida.
- O profesor de garda no patio exterior, levará máscara e coidará de que os alumnos leven máscara, e non se mestures os de diferentes etapas educativas.

9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

Alejandra Táboas Mascuñana é a **Coordinadora do Plan Covid** elixida para que calquera membro da Comunidade Educativa comunique a confirmación de calquera caso de Covid, así como as posibles ausencias ao centro do persoal. Os avisos se recibirán vía whatsapp e serán trasladados á **Dirección** e **Xefatura de Estudos**.
A Coordinadora trasladará vía whatsapp a Patricia Fernández González, **Enlace coa Comunidade Educativa** do **Equipo COVID,** en caso de ter que dar aviso á Comunidade Educativa.
Solo se comunicará a existencia de casos confirmados, nunca a sospeita. Sempre se terá en consideración a lei de protección de datos **(LO 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales)**
No caso de ausencia dun alumno, os proxenitores deberán informar ao Centro a través dos canles indicados, que o comunicará ao **Equipo COVID** vía telefónica/whatsApp. Non precisarán de xustificante médico se a sintomatoloxía é compatible coa da Covid.

CONTACTO PARA FAMILIAS/ALUMNADO: Tlfno. del centro (986293282), mail del centro (covid@gesanmiguel2.com)
CONTACTO PARA PERSOAL DOCENTE/NO DOCENTE: WhatsApp a Coordinadora/Dirección.

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

O rexistro de ausencias do profesorado será feito pola **Xefatura de Estudos** do centro, e o do alumnado, cada titor a través da **Plataforma ABALAR**.

11.	Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

A **Coordinadora do Equipo COVID**, Alejandra Táboas Mascuñana comunicará ás autoridades sanitarias as incidencias no centro seguindo as canles adecuadas.

B. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12.	Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducible nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

Nas aulas de ESO, BACHARELATO e FPB os pupitres están situados a unha distancia mínima de 1,2 m en todas as aulas de todas as etapas, marcándose a súa posición mediante sinaléctica no chan.
Nas aulas de ED. PRIMARIA, e sempre que a superficie útil das mesmas o permitiu, os pupitres situáronse a máis de 1 m, marcándose a posición de cada un mediante sinaléctica no chan.
Axunto ao **Plan de Adaptación**, como **Anexo VIII**, os **Planos Xenéricos** das diferentes plantas do edificio cos esbozos da disposición dos pupitres e da mesa do profesor en cada aula tipo (unha aula por cada etapa educativa: EI, EP, ESO, FPB)

13.	Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

En todas as etapas educativas as aulas permiten a distancia mínima de 1,2 m entre as cadeiras.
Cada nivel de cada etapa educativa ocupa sempre a mesma aula, sendo o profesorado o que entra e sae da aula, coidando en extremo a hixiene propia e a dos espazos e material que utiliza, procurando na medida do posible levar e trae consigo o seu material, agás no caso de material fixo (encerados, encerados dixitais, ordenador de sobremesa ou portátil da aula, etc.)
son excepcións as seguintes:
Educación Física: os alumnos realizarán as actividades correspondentes nos patios cuberto e descuberto, mantendo as distancias de seguridade. Poderán compartir material sempre e cando se manteñan as condicións hixiénicas antes e despois do uso.
Aulas de Apoio, PT e AL: Os alumnos que precisen apoio nestas áreas serán recollidos polo profesor de apoio na aula; este os levará a **Aula Específica** de **Apoio**, **AL** e **PT**, situada na planta 2, conservando as distancias de seguridade e comprobando a correcta hixiene de mans e uso da máscara en todo momento. Cada grupo de traballo na aula especial pertencerá ao mesmo grupo de convivencia estable. O profesorado limpará a aula e todo o material utilizado antes e despois de cada clase.
Educación Especial: O alumnado con **NEE** en escolarización combinada será recollido polo profesor na aula ordinaria; este levará os alumnos a **Aula Específica** de **Educación Especial** situada na planta baixo cuberta conservando a distancias de seguridade e comprobando en cada momento a correcta hixiene de mans e o uso da máscara (salvo casos en que por indicación do Pediatra/Medico de Familia non estea aconsellado) en todo momento. Cada grupo de traballo da **Aula Específica** de **Educación Especial** pertencerá ó mesmo grupo de convivencia estable e traballará en mesas diferenciadas e con postos fixos asignados durante todo o curso. O profesorado limpará as mesas e o material empregado antes e despois de cada clase.
Desdobres de BACHARELATO e 4º ESO: O curso de 4º de ESO, debido a existencia de diferentes itinerarios, desdobra en aulas diferentes para algunhas das materias. A aula de desdobre da ESO está situada na planta 3ª. Nas aulas de desdobre se contemplarán as mesmas medidas que nos casos antes citados.

14.	Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

Aulas de Apoio, PT e AL: Os alumnos que precisen apoio nestas áreas serán recollidos polo profesor de apoio na aula; este os levará a Aula Específica de Apoio, AL e PT, situada na planta 2, conservando as distancias de seguridade e comprobando a correcta hixiene de mans e uso da máscara en todo momento. Cada grupo de traballo na aula especial pertencerá ao mesmo grupo de convivencia estable. O profesorado limpará a aula e todo o material utilizado antes e despois de cada clase.

Aula de Educación Especial: O alumnado con NEE en escolarización combinada será recollido polo profesor na aula ordinaria; este levará os alumnos a Aula Específica de Educación Especial situada na planta baixo cuberta conservando a distancias de seguridade e comprobando en cada momento a correcta hixiene de mans e o uso da máscara (salvo casos en que por indicación do Pediatra/Medico de Familia non estea indicado) en todo momento. Cada grupo de traballo da Aula Específica de Educación Especial pertencerá ó mesmo grupo de convivencia estable e traballará en mesas diferenciadas e con postos fixos asignados durante todo o curso. O profesorado limpará as mesas e o material empregado antes e despois de cada clase.
Dpto. de Orientación: A dirección do departamento de Orientación atópase nun despacho da planta baixa. Nas reunións do departamento de orientación coas familias/titores/alumnos extremaranse as medidas de hixiene antes e despois de cada reunión. As reunións distanciaranse no tempo na medida en que sexa necesario segundo os horarios do centro, e limitaranse ao mínimo imprescindible, púideno levarse a cabo de xeito telemático se o departamento o considera adecuado.
O uso de pantallas de protección individual e de mamparas fixas está previsto para casos en que nos se poida facer uso da máscara.
Todos estes espazos están provistos de xel hidroalcólico, papeleiras con tapa e panos desbotables. Asi mesmo os espazos serán ventilados durante 15 minutos entre reunións.
Axunto **Cuestionario de Avaliación de Medidas** como **Anexo II**.

15. Titorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias)

Tal e como se nos aconsella tanto dende a empresa de PRL como dende a Inspección Educativa, as reunións cos pais e nais dos alumnos, serán de xeito telemático. Se permiten as titorías presenciais se as familias así o demandan. A reunión inicial cos pais levarase a cabo de xeito presencial e por grupos, para as etapas de ED. INFANTIL, ED. PRIMARIA e ESO, sempre e cando os horarios do centro sexan compatibles con dita reunión.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

O Grupo Educativo conta con páxina web propia [gecastrosanmiguel.com], que servirá como canle de información para as familias e persoas alleas ao Centro. Ademais, a través da plataforma **ABALAR**, os titores e familias están en contacto permanente.
O PCR Plurilingüe San Miguel 2 dispón dunha dirección de correo electrónico [cpr.sanmiguel2@edu.xunta.es], e dun número de teléfono de atención telefónica entre as 9:00 e as 14:00 [986293282]
Os provedores contactarán co centro a través dos canles antes citados, con excepción da plataforma **ABALAR**, de uso educativo exclusivo.

17. Uso da máscara no centro

O uso da máscara no centro é obrigatoria, por toda a **Comunidade Educativa**, alumnado, profesorado e PAS, salvo informe médico/pediátrico en contra e nos casos en que non o indica o presente protocolo.
Aínda que para menores de 6 anos non é obrigatoria, o seu uso estenderase a eles sempre que sexa posible e sobre todo no paso por zonas de uso común e acceso o comedor.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

O Plan de Adaptación do CPR Plurilingüe San Miguel 2, estará dispoñible para toda a Comunidade Educativa a través dos seguintes canles:

- Publicarase en setembro na páxina web do Grupo Educativo.
- Actualizarase se as Consellerías de SAÚDE e educación así o indican.
- Enviarase enlace a mesma a través da plataforma **ABALAR**.
- O **Consello Escolar** e a **ANPA** terán a súa disposición unha copia impresa do documento.
- Haberá una copia do Plan de Adaptación á situación Covid19 en secretaría a disposición de quen o desexe consultar.
- Será enviado a todo o profesorado do centro, para que teña bo coñecemento do mesmo, e no caso de ser titor, o traslade aos alumnos.

C. MEDIDAS DE LIMPEZA

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)

O PAS (**Persoal de Administración e de Servicios**) do CPR San Miguel 2, encargarase das medidas de limpeza do Centro, e da supervisión das mesmas.
As tarefas do persoal de limpeza serán as seguintes:

- Limpeza diaria de aseos, corredores, escaleiras, secretaría, sala profesores e aulas dos cinco andares.
- Os aseos, corredores e escaleiras recibirán especial atención ao longo da maña, con 3 quendas de limpeza.
- Os pomos de portas e armarios, os pasamáns e os interruptores das luces limparanse constantemente ó longo da xornada lectiva.
- Ao final do día valeiraranse e limparanse os contedores e papeleiras.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas. no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá) (non incluír datos de carácter persoal)

O persoal de limpeza consta de 1 persoa na quenda de mañá e dúas persoas nas quenda de tarde.
A limpeza nas quendas de tarde será levada a cabo por unha empresa externa. A limpeza durante o horario escolar será levada a cabo por un PAS do centro.
Haberá tres quendas de limpeza cada día, distribuídas do seguinte xeito:

- 11,15: na hora do recreo realizaranse as tarefas de limpeza da mañá.
- 15,15: no recreo do comedor, ao mediodía, a segunda quenda.
- 18,15: a terceira e derradeira quenda, ao remate das actividades extraescolares, de habelas.

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Todo o persoal de limpeza levará luvas e máscaras para a realización das tarefas de limpeza.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada un dos aseos do centro se situará un **Cadro de Limpeza** que será cuberto polo persoal en cada quenda de limpeza.
Axunto no **Anexo III** o **Cadro de Limpeza** que deberá ser cuberto tódolos días polo persoal de limpeza.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

As ventás abriranse 15 minutos o inicio das clases pola mañá. Será o profesor correspondente o que abrirá as ventás e asegurará a correcta ventilación da aula. Se a meteoroloxía e o ruído procedente do exterior o permiten, manteranse abertas o maior tempo posible.
No descanso do recreo ventilaranse as aulas 15 minutos. O profesor que deixa a aula abre as ventás, e o profesor que entra tras a pausa do recreo as pecha de novo.
O final da xornada volverase a ventilar a aula; o profesor saínte abrirá as ventás da aula e será o persoal de limpeza o que as pechará tras a limpeza da mesma.
Para evitar fluxo de aire entre aulas se potenciará a presión natural negativa de aire pechando as portas mentres as ventas se manteñan abertas.
Xuntamos ao final deste documento, a **checklist** de ventilación de aulas como **Anexo IV**.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todas as aulas, aseos e zonas comúns, sexan dentro do recinto ou no exterior do mesmo, haberá papeleiras para a xestión de residuos.
- No patio exterior, haberá 3 contedores con tapa.
- No comedor, haberá dúas papeleiras e un contedor con tapa nos currunchos (esquinas)

- Nos aseos de todos os andares do edificio, haberá papeleiras na zona do lavabo e dentro do espazo do wc.
- As aulas (na zona de entrada, detrás da porta) e as zonas comúns como Secretaría, despachos, Aula Específica, Biblioteca e Aula destinada de espazo Covid, tamén contarán con varias papeleiras, esta última con tapa.

D. MATERIAL DE PROTECCIÓN

25.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

Tanto o persoal de Secretaría como de Administración do Centro (PAS), levarán un rexistro e inventario do material do que dispón o centro. A seguinte listaxe ~~faise no mes de xullo, e~~ inclúe o material informativo de sinaléctica e cartelería que se utilizará no comezo do curso en setembro:

SINALÉCTICA

- 20 FRECHAS VERMELLAS
- 20 FRECHAS AZULES
- 6 CADRADOS "ESPERE A SÚA QUENDA"
- 6 CÍRCULOS CON PÉS (MODELO DA CONSELLERÍA)
- CINTAS PARA ACOUTAR O PATIO EXTERIOR

CARTELERÍA

- 12 CARTEIS DE "SENTIDIÑO" A3 EN COR
- 6 CARTEIS DE "HIXIENE DE MANS" A3 COR, PARA OS ASEOS DA PLANTA BAIXA E EXTERIORES
- 10 CARTEIS DE "HIXIENE DE MANS" A3 A COR PARA OS ASEOS DAS PLANTAS 1, 2, 3, 4 E 5 ANDAR

26.	Determinación do sistema de compras do material de protección

Unha vez establecidas as necesidades do Centro polo **Equipo COVID**, faise a seguinte listaxe no mes de xullo, de cara ao mes de setembro:

- AULAS: 20 XELES HIDROALCÓLICOS
- ZONAS COMÚNS: 6 XELES HIDROALCÓLICOS
- ASEOS: 16 CAIXAS DE PANOS DESBOTABLES, 16 DOSIFICADORES DE XABÓN, 16 PAPELEIRAS

No mes de Xuño a Administración enviara xa dúas caixas con máscaras, caretas e xeles.

27.	Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

No despacho de dirección está todo o material, a disposición do profesorado.
O persoal PAS e o de limpeza, farase cargo da entrega, reposición e distribución de todo o material: máscaras, panos de mans, xeles e xabóns, etc.

E. XESTIÓN DOS ABROCHOS

28.	Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

O CPR Plurilingüe San Miguel 2, na determinación das medidas en Xestión de abrochos, fai referencia á xenérica do Plan de Continxencia.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

O **Equipo COVID** do centro, será o encargado de comunicar calquera incidencia ás autoridades sanitarias e educativas. Está formado polos profesores indicados no punto 2 do plan.

- Alejandra Táboas Mascuñana, directora , teléfono 986293282.
- Susana Jiménez Suárez, comunicadora do **Plan Covid** e interlocutora coa Administración, teléfono 986293282.
- Patricia Fernández González, comunicadora do **Plan Covid** á Comunidade Educativa, teléfono 986293282.

F. XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

30.	**Procedemento de solicitudes** (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

A Dirección do CPR Plurilingüe San Miguel 2, será a canle de petición das solicitudes de comunicación coa Xefatura Territorial e de solicitude de persoal substituto.

G. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

31.	**Entradas e saídas** (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

No centro existen 4 portas de entrada / saída:

- Porta principal de Secretaría
  Será a entrada e saída dos alumnos maiores do centro, é dicir das etapas de FPB (uns 80 alumnos en total)
- Portalón da R/ Seara
  Será utilizada como entrada e saída polo alumnado de EP dos niveles de 4º, 5º e 6º, que ao entrar farán filas por clase, no patio cuberto antes de subir ás aulas (un total de 65 alumnos aproximadamente)
  Será utilizado polos alumnos de ESO como saída.
- Cancela C/ Seara:
  Será o lugar de entrada e saída do alumnado de EI (uns 65 alumnos), e tamén da Escola Infantil.
- Porta traseira de acceso directo ó patio pola r/ Arquitecto Pérez Bellas
  Será a porta pola que entren os alumnos da ESO (uns 85 alumnos), e pola que entren e saian os alumnos de 1º, 2º e 3º de EP (uns 60 alumnos), que ao entrar e saír, farán filas por clases, evitando rodas.

HORARIOS:
Os presentes horarios se manterán durante as todo o curso, aínda que poden ser modificados con posterioridade para adecuarse as necesidades do centro.

Os alumnos de **ED. PRIMARIA** accederan ó centro entre as 8:55 e as 9:20. Sairán en tres quendas distanciadas 5 minutos entre as 13:45 e as 13:55.

CURSO	ENTRADA	SAÍDA	PORTA
6º EP	8:55-9:00	13:55	Seara
5º EP	9:00-9:05	13:55	Seara
4º EP	9:05-9:10	13:50	Seara
3º EP	9:10-9:15	13:50	P. Bellas
2º EP	9:15-9:20	13:45	P. Bellas
1º EP	9:20-9:25	13:45	P. Bellas

Nas entradas e saídas haberá un profesor asignado para controlar que entren con máscara, que se manteña a distancia social e que se hixienicen as mans correctamente.

Nas escaleiras e corredores, tamén haberá profesores asignados, para comprobar que circulan polo centro de xeito ordenado, e entran na aula tamén respectando as distancias.

Os alumnos de **ESO** accederán ó centro entre as 8:20 e as 8:40 Farano polo acceso da Rúa Arq. P. Bellas. Formarán filas debidamente sinalizadas no patio cuberto.

Na entrada da **ESO** e **ED. PRIMARIA** ao patio, os alumnos evitarán facer rodas e farán filas cos seus compañeiros de aula, estarán sinalizadas no chan do patio cuberto.
Os alumnos de **BACHARELATO** e **FPB** entrarán e sairán pola porta principal da Rúa Tomás A. Alonso.

CURSO	ENTRADA	PORTA	SAÍDA	PORTA
1º ESO	8:35	P. Bellas	14:05	Seara
2º ESO	8:35	P. Bellas	14:05	Seara
3º ESO	8:40	P. Bellas	14:10	Seara
4º ESO	8:40	P. Bellas	14:10	Seara
1º FPB OFI	8:45	T. Alonso	14:10	T. Alonso
1º FPB COM	8:45	T. Alonso	14:10	T. Alonso
2º FPB COM	8:50	T. Alonso	14:15	T. Alonso
2º FPB OFI	8:50	T. Alonso	14:15	T. Alonso

Os alumnos de **FPB** que saian ás 15:05h, farano pola porta do patio con saída á rúa Seara.
Na xornada de tarde, a **ESO** utilizará a mesma vía de acceso ó centro que na mañá, Rúa Arq. P. Bellas (16,30h e 18,05h).
No **Anexo VII** axunto **Planos do patio exterior**.

32. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

As entradas e saídas de todas as etapas educativas están reflectidas no punto anterior.
A circulación polos corredores é sempre circular, tanto para entrar e subir, como para saír e baixar. O sentido da circulación e sempre en círculo, tal e como aconsellan as autoridades sanitarias, e sempre en fila e gardando a distancia de seguridade.
A subida das escaleiras será sempre pola esquerda, para evitar o uso do pasamáns, e baixarán pola dereita.
Para iso, faranse quendas para que os profesores estean sempre nos seus postos, vixiando as escaleiras, os descansos das mesmas e os corredores.
Ademais, a sinalización de escaleiras e chan con frechas, círculos e cintas con mensaxes (axuntados nas instrucións), axudarán aos máis cativos e aos maiores a asimilar os novos hábitos dende o primeiro día.
Os elevadores serán utilizados de xeito excepcional por aqueles alumnos que, por razóns de mobilidade, así o precisen. Os alumnos deberán ir acompañados dun profesor e facer uso da máscara en todo momento. A botoeira do elevador deberá ser limpada tras cada uso.
No **Anexo VI** axunto **Planos das plantas do centro** que inclúen a sinalización do chan, as vías de entrada e saída do centro.

33. Cartelería e sinaléctica (previsións sobre a colocación de cartelería e sinaléctica no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

Tal e como se reflicte no punto anterior, o centro utilizará en todo o recinto exterior e interior, en todos os andares e tanto nos espazos comúns como nas aulas e aseos, a cartelería enviada pola Consellería para dito fin así como a súa propia na sinaléctica da circulación polos corredores e escaleiras.
A cartelería e sinaléctica, será distribuída e colocada do seguinte xeito:

- **Aseos:** o cartel da hixiene e lavado de mans, será plastificado e colocado en A3 sobre os lavabos, de todos os aseos do centro, que paso a citar: aseos do patio exterior, aseos planta 0 preto do comedor, aseos planta 0 das aulas EI, e os aseos de cada andar e do baixo cuberta e aula específica incluídos.

- **Zonas comúns:** en todas as zonas como Biblioteca, Secretaría, Sala de profesores e despachos, debe evitarse a confluencia de persoal, por iso a cartelería de Sentidiño, a cor e en A3, debe ser visualizada. A sinaléctica do chan nestas áreas tamén será colocada.
- **Escaleiras e descanso:** a sinaléctica de frechas para a correcta circulación é necesaria, e tamén as barras que marquen a distancia de seguridade. Nos descanso, tamén se poden pór os adhesivos circulares dos pés, para esperar quendas.
- **Aulas:** a marcación da distancia de seguridade entre cadeiras, pode facerse cun trozo de tira, para que os alumnos as manteñan ao longo das clases, e ao longo do curso.
- **Comedor:** os carteis e a sinaléctica do chan serán fundamentais para respectar a distancia de seguridade, e os ocos na colocación do alumnado, que será por grupos de clase e a 1,5 metros de distancia e sen enfrontarse, sempre enfilados e en liña.
- **Patio exterior:** o patio o comparten por quendas todas as etapas educativas, e ás veces varios cursos, polo que a sinaléctica no chan no patio cuberto e nas gradas é fundamental.
- Ademais é a zona onde o alumnado terá que facer as filas antes da entrada no recinto, e tamén deberá que respectar as zonas para non mesturarse no recreo con outros grupos de clases, sexan de EI, de EP o da ESO.

A citada sinaléctica foi seleccionada no mes de xullo e se colocará no centro durante a primeira semana de setembro de xeito que ó comezo do curso na ED. INFANTIL e ED. PRIMARIA xa dispoñamos das guías de circulación e a cartelería cos hábitos de hixiene.

34.	Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

O CPR Plurilingüe San Miguel 2 non dispón de trasporte de alumnado.

35.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

Como tódolos anos, na primeira semana do mes de setembro, o Xefe de Estudos organiza as quendas de vixilancia de recreos, comedores, entradas, saídas, corredores e descanso do profesorado de todas as etapas educativas.
Tal e como consta nos punto 31 e 32, haberá profesores asignados para cada posto, como en anos anteriores. Dadas as especiais circunstancias durante este curso, as medidas de control e seguridade serán máis estritas.
Os profesores asignados serán coñecedores de ditas obrigas na primeira semana de setembro, una vez teñan os seus horarios.

